

Quixer

Hoxe veño falar por todas esas mulleres que non son capaces de facelo, que non poden, que non se lles permite, que seguen atadas baixo os seus homes, irmáns, ou mesmo do seu pai.

Veño contarvos a miña historia, como conseguín saír adiante eu soa deixando o meu marido atrás, sen importar a opinión do meu irmán, do meu pai, aínda que así me convertera no ovella negra da familia.

Fai uns anos, cando eu só tiña quince, meu pai decidiu que non facía nada na miña casa, que tiña que casar cun dos homes máis ricos da miña aldea. Fiquei calada, non protestei, xa que non serviría de nada, como tantas outras veces. Pero eu xa sabía que esta farsa ía durar ben pouco. Eu non ía permanecer muda por máis tempo o carón deses homes: nin do meu pai, nin do meu irmán, nin do “meu marido”...

A esta idade eu non debería estar casada cun home duns vinte anos ou máis maior ca min. Nin eu, nin ningunha outra. E moito menos, estar obrigada a darlle un fillo.

Cando a miña filla cumpriu tres anos, eu xa non era quen de soportar o meu home nin un segundo máis. Sempre tiña el a razón, nunca podía expresar o que sentía ou pensaba eu, tiña que vivir baixo as súas ordes, facer só o que el quería, e vivir co medo de recibir ademais unha primeira paliza... Xa estaba cansa disto!

Decidín non ficar calada. Decidín que o meu marido ía escoitar todo o que lle tiña que dicir, así que unha noite aviseino de que a maña seguinte, antes de espertarse a cativa, falaríamos.

Cando lle expliquei a situación comezou a rir, dixo que non tiña tempo para parvadas dunha pequena coma min, e saíndo da casa berroume “xa che sacarei eu esas ideas de tola da cabeza a paos”. Non sería a primeira vez que me ameazaba con poñerme unha man enriba; pero esta vez non ía ser así, non habería outra, xa que cando volvera a casa non quedaría rastro nin da miña filla, nin de min.

Collín os poucos cartos que tiña aforrados, e marchei cas poucas pertenzas que posuíamos. Nunca máis volverían a saber de nós.

Decidín contar a miña historia, para que xente que estea na mesma situación, saiban que si se pode saír.

Se un non ten forzas para facelo só, hai que pedir axuda.

EU ESCOLLIN NON SOPORTALO MAIS E SER FELIZ, FACEDE O MESMO.